



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN

Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa Hixiene Urbana.

Expediente: 2025/G016/000002

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, emite a presente Providencia baseada nos seguintes antecedentes:

1. O Concello de Lousame é membro de pleno dereito da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, cuxo obxecto é, segundo o artigo 2 dos seus Estatutos (DOG núm. 2 do 05/01/2015): *"Establécese como fin da Mancomunidade a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos"*. O artigo 13 deses Estatutos, sinala que forman parte da Facenda da Mancomunidade, as taxas pola prestación de servizos da súa competencia. O artigo 14 dos mesmos Estatutos preceptúan que a Mancomunidade acordará a imposición dos seus tributos propios e aprobará as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras dos mesmos.
2. Así as cousas, e a pesares de que o servizo de recollida e tratamento do lixo é de competencia da Mancomunidade, o ente supramunicipal non exerceu as súas competencias para establecer e regular a taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo e o seu tratamento. Isto obriga aos Concellos que a conforman a ter que aprobar a imposición das citadas taxas e aprobar as ordenanzas reguladoras dos citados tributos.
3. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa Hixiene Urbana. A última modificación desta ordenanza tivo lugar no ano 2013.
4. O custo deste servizo para o Concello de Lousame queda cifrado no importe das liquidacións que a Mancomunidade xira ao Concello pola prestación do servizo de recollida e tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos. Da comparación entre as liquidacións xiradas pola Mancomunidade e o importe recadado da taxa pola prestación do servizo, resultan os seguintes datos, que manifestan a non cobertura do custo do servizo:

Exercicio	Liquidacións MCSB	Recadación líquida	Déficit
2020	143.700,00	138.686,17	- 5.013,83
2021	164.329,92	143.697,23	- 20.632,69
2022	164.329,92	123.821,61	- 40.508,31
2023	164.329,92	113.086,29	- 51.243,63

5. Sen embargo, esta situación de déficit de cobertura, vese drasticamente afectada tendo en conta as cotas aprobadas pola Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, relativas aos exercicios 2024 e 2025:

Exercicio	Cotas aprobadas
2024	404.957,64
2025	477.246,74

6. Sendo desexable que a Mancomunidade exerza as súas competencias nesta materia, acordando a imposición da taxa e aprobación da ordenanza fiscal común para o ámbito territorial da Mancomunidade, é preciso, até que esa situación se leve a cabo, que de xeito transitorio o Concello de Lousame eleve as tarifas da súa actual Ordenanza Fiscal, para paliar o déficit de cobertura da taxa en relación co custo do servizo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

7. Para acadar eses obxectivos de interese público, preténdese derrogar a actual ordenanza fiscal e aprobar unha nova que manteña aqueles feitos impositivos que actualmente xeran obxectos tributarios ou que se estiman que os poidan xerar, tal e como se recolle no Anexo desta Providencia.
8. Esta Ordenanza Fiscal será derrogada no momento no que a Mancomunidade exerza as súas competencias tributarias. Ou, no caso contrario, unha vez lícitado o novo contrato de recollida do lixo, aprobarase unha nova ordenanza fiscal adaptada aos novos custos que deriven da prestación dese contrato.

Á vista do exposto, esta Alcaldía **DISPÓN**:

Primeiro: Que se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a dita modificación.

Segundo: Dar conta a esta Alcaldía, para resolver o que proceda.

Lousame, na data da sinatura dixital.

O Alcalde, Esteban Ares García

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVICIOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

Capítulo 1 Feito impositivo.

Artigo 1 Descrición xenérica.

Constitúe o feito impositivo da presente taxa tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, como a realización de aquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, se dirixan á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

Según o artigo 80 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, e o artigo 3 do Código de Comercio o exercicio de actividades gravadas, probarase por calquera medio admisible en dereito, existindo a presunción legal do exercicio habitual do comercio desde que a persoa que se propoña exercelo, anunciase por circulares, periódicos, carteis, rótulos expostos ó público, ou de outro modo calquera, un establecemento que teña por obxecto algunha operación mercantil.

Artigo 2 Manifestación do feito impositivo.

Integran o feito impositivo as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseñan seguidamente:

A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servizos ou calquera outra de carácter meramente social efectuada sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Para os efectos da taxa é indiferente que o servizo se preste por xestión directa, a través de órgano mancomunado ou empresas.

Capítulo 2 Suxeitos pasivos e responsables

Artigo 3 Contribuínte.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que, con referencia ás manifestacións do feito imponible recollidas no artigo anterior, se atopan nas seguintes posicións:

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares nos que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro (usufrutuuario, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario)

Artigo 4 Substituto do contribuínte.

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ó que se refire o artigo 3 desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios -ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ó inmovible-, sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, poidan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 24 do TRLRFL.

Artigo 5.º.-Concorrenza de suxeitos pasivos.

A concorrenza de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á Facenda municipal.

Artigo 6 Outros responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado na Lei xeral tributaria.

Capítulo 3 Beneficios fiscais

Artigo 7 Exencións e bonificacións.

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pagamento da taxa, salvo que por lei estatal se establecese outra cousa.

Artigo 8 Reducións

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Capítulo 4 Base imponible

Artigo 9 Determinación.

A base imponible da taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias: A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Capítulo 5 Cotas tributarias e tarifa

Artigo 10 Cota tributaria derivada da prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de vivenda ou local, cunha contía que se determinará en función da natureza, destino dos inmobles e produción media diaria de lixo.

2. As cotas anuais esixibles pola prestación do servizo de xestión de lixo son as fixadas nas tarifas que contén o anexo I da presente ordenanza, e son irreducibles, agás nos casos de alta ou baixa no servizo, según se indica a seguir:

2.1.- Nos casos de declaración de alta, en que o día de comezo da prestación do servizo non coincida co ano natural, a cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo da prestación do servizo.

2.2.- Nos casos de baixa no servizo as cotas serán prorrateadas por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o cese na prestación do servizo. Neste caso os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se prestara o servizo.

Artigo 12 Tarifas.

As Tarifas vixentes, desglosadas nos seus diferentes epígrafes, recóllense no anexo I da presente ordenanza.

Capítulo 6 Período impositivo e devengo

Artigo 14 Período impositivo.

O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio ou cese na prestación do servizo o una realización da actividade, en cuxo caso axustarase a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota.

Artigo 15

1. Devengo.

1.º.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2.º.- O servizo de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables, devéngase o primeiro día de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servizo nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, locais e aloxamentos susceptibles de seren ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ó longo do ano e de que dita ocupación se refira á totalidade ou a parte da finca. A tales efectos, considérase que un inmoble é susceptible de ser ocupado ou utilizado cando este dispoña de luz e auga, debendo o interesado acreditar documentalmente, no seu caso, a indispoñibilidade dos citados subministros.

2. Altas e declaracións.

1º. Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a efectos do imposto sobre bens inmobles.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmobles, sen prexuízo de que o propio concello poida declarala de oficio, estarase incorrendo en infracción cualificada como grave no artigo 79 b) da Lei 25/1995, do 20 de xullo, de modificación parcial da Lei xeral tributaria. Sen embargo, poderá obviarse a infracción tributaria para os efectos exclusivos da presente taxa, así como a correspondente sanción, coa presentación de instancia ou escrito no que se formula declaración de alta no padrón da taxa de recollida de lixo de vivendas.

2º. En relación con locais, comerciais, industriais ou profesionais entenderase como declaración de alta a solicitude de preceptiva licenza de actividades e instalacións, tendo efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade podendo, así mesmo, actuar do oficio a Administración municipal.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 3º. Os locais baleiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.
- 4º. Para locais que, non sendo vivendas, excepcionalmente non precisaran de licenza de actividades e instalacións, os titulares deberán presentar formalmente declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes desde o seu inicio, a efectos da súa inclusión no padrón da taxa.
- 5º. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas.
- 6º. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal.

Capítulo 7 Ingreso da débeda tributaria

Artigo 16 Ingreso definitivo

1. O cobro das cotas referidas na tarifa número 1 desta ordenanza efectuarase:
- 1.1.- No caso de se producir a alta no servizo: mediante recibo no prazo que determine a notificación ós interesados que practique a administración de tributos.
- 1.2.- Nos períodos impositivos posteriores ós das altas no censo a recadación das débedas tributarias efectuarase mediante a expedición semestral dos recibos e sen mediar notificación individual, publicándose o período de cobranza do correspondente padrón fiscal desta taxa.
2. O cobro das cotas derivadas da aplicación das restantes tarifas será realizado de forma directa polo órgano de xestión de servizo.

Capítulo 8 Infraccións e sancións

Artigo 17 Réxime xeral.

1. En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.
2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas.

Artigo 18 Compatibilidade.

A exacción das taxas que pola presente ordenanza se establecen, non exclúe o pagamento das sancións ou multas que procederán por infracción da ordenanza de hixiene urbana que se aprobe no seu caso e demais normativa legal vixente.

Disposición adicional única.

As modificacións que se introduzan no regulado nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a actual Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por actividades e Servizos relacionados coa hixiene urbana (aprobada inicialmente o 16 de maio de 2013; BOP número 100, do 28 de maio de 2013), cuxo texto definitivo foi publicado no BOP núm. 145 do 1 de agosto de 2013)

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2026, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE TARIFAS:

TARIFA 1: Lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables

EPÍGRAFE	OBXECTO TRIBUTARIO	euros/ano
1	VIVENDAS	116
2	BAR-CAFÉ	180
3	PEIXERIAS E CARNICERIAS VERDULERIAS E FROITERIAS	190
4.1	04.1 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: até 4 EMPREGADOS	286
4.2	04.2 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 5 A 7 EMPREGADOS	380
4.3	04.3 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 8 A 10 EMPREGADOS	476
4.4	04.4 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: 11 A 50 EMPREGADOS	700
4.5	04.5 FABRICAS TALLERES OUTRAS INDUSTRIAIS: máis de 50 EMPREGADOS	1000
5	05. DESPACHOS PROFESIONAIS	144
6	OUTROS NEGOCIOS	300
7	07 PENSIONS,CASAS DE HOSPEDES,E DEMAIS CENTROS	272
8	CENTROS DE ENSINANZA	596
10	RESTAURANTES	214